



MANUAL TÉCNICO

para a instalación




Proxecto creado polas profesoras Ana Garnelo Calvo e María Romero Pedreira durante unha licenza de formación no curso 2023-24.
Está protexido por unha **licenza CC-BY-SA**


Este recurso foi creado en **formato SCORM** para poder ser engadido facilmente nunha **Aula virtual** de Moodle como as facilitadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Para a súa instalación deberán seguirse os seguintes pasos:


1. **Acceder** ao noso **curso** na **aula virtual** do Centro.
2. Pulsar no botón **“activar edición”**, que se atopa na marxe superior dereito da pantalla.




3. Seleccionar a sección onde queremos agregar o paquete SCORM e pulsar no botón **“Engadir unha actividade ou un recurso”**.




4. Abrirse unha xanela con todos as actividades e recursos dispoñibles na plataforma. Escolle a opción **“Paquete SCORM”**



5. Abrirase unha xanela con todas as opcións de configuración do Paquete SCORM. O primeiro apartado é o “**Xeneral**”, no que verás un cadro de texto onde se escribe o nome que lle daremos ao Paquete SCORM e unha breve descrición do recurso.



6. No apartado “**Paquete**” pódese subir o paquete SCORM descargado pulsando na icona de ficheiro que se atopa na parte superior esquerda.



7. A opción “**Aparencia**” permite personalizar a visualización do paquete SCORM. Para realizar un seguimento sobre o uso do paquete SCORM por parte do alumnado podes escoller no menú despregable “Presentar o paquete” a opción “Nova xanela”. En “Mostrar estrutura do curso na páxina de entrada”, seleccionamos “Non” e en “Presentar o estado dos intentos”, seleccionamos no menú despregable a opción “Taboleiro e páxina de entrada”.

▼ Aparencia

Presentar o paquete Nova xanela

Amosar máis...

Amosar o nome da actividade

Presentar a estrutura do curso na páxina de entrada Non

Presentar o estado dos intentos Taboleiro e páxina de entrada

► Disponibilidade

8. En “**Disponibilidade**”, preséntanse as opcións para que o alumnado visualice o paquete SCORM nun período de tempo determinado.

▼ Disponibilidade

Dispoñíbel dende 18 Decembro 2023 21 19 Activar

Dispoñíbel para 18 Decembro 2023 21 19 Activar


9. Na opción “**Cualificación**” defínese como se cualifica un único intento da actividade do paquete SCORM. Para iso, imos facer clic no menú despregable “Método de cualificación” e seleccionamos “Cualificación media”. Desta maneira, a cualificación obtida será a media de todas as puntuacións obtidas nas distintas actividades que contén o paquete SCORM.

▼ Cualificación

Método de cualificación Cualificación media

Cualificación máxima 10

10. En “**Xestión de intentos**”, é posible personalizar o número de intentos permitidos para visualizar o paquete SCORM. Se se selecciona 2 intentos ou máis, en "Intentos de cualificación" escollerase a opción “Media de intentos”.



▼ Xestión de intentos

Número de intentos


Intentos de cualificación

Forzar un novo intento

Bloquear após o intento final

11. En “**Configuración de compatibilidade**” preséntasenos as opcións para visualizar a realización do paquete SCORM no informe de finalización do curso. Para que se marque como completada a actividade unha vez que o alumnado finalice compre marcar no despregable “Forzar finalización”, a opción “Si”.

Tamén se deixará escollida a opción “Si” no despregable “Implantar automaticamente” para que os resultados obtidos no paquete SCORM se garden automaticamente na base de datos de Moodle.



▼ Configuración de compatibilidade


Forzar o completado

Continuación automática

Implantar automaticamente

A puntuación por mestría anula o estado

12. En “**Axustes común do módulo**” é posible configurar cando se quere que sexa visible e estea dispoñible para os e as estudantes; ademais de identificar a actividade cun Número ID a fin de poder calcular a cualificación.



▼ Axustes común do módulo


Disponibilidade

Número ID


Modo de grupo

Engadir restrición de acceso a grupo

13. En “**Restringir acceso**” permite que o acceso ao paquete SCORM sexa restrinxido por: Actividade completada, Data, Cualificacións, Perfil de usuario, Nivel, ou varias restricións á vez.



Para o resto de opcións (“Completado da actividade”, “Etiquetas” e “Competencias”) non hai que ter en conta ningunha observación específica máis aló das que se observan noutras actividades da aula virtual.



Por último, só temos que pulsar na opción "Gardar e presentar" para que se mostre o recurso no noso curso.